



**FICHA RESUMO DE ACTUACIÓN NO CASO DE INCENDIO PARA
DOCENTES**

PLAN DE EVACUACIÓN DO C.P.I. O PROGRESO

Paseo das Lombas 2, 36612 Catoira – PONTEVEDRA

**Arquitecto: Santiago Becerra García
COAG 5254**



FICHA RESUMO

ÍNDICE

1. NORMAS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA O PROFESORADO:	1
2. XEFE DE EMERXENCIA:	2
3. EQUIPO DOCENTE (TODOS) – EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN (E.P.I.)	3
4. EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN (DOCENTES “ESCOBA”) – (E.A.E.)	4
5. ASIGNACIÓN DE AULAS	5
6. CONSERXES, DOCENTES LIBRES, PERSOAL COCIÑA	6
7. NORMAS XERAIS BÁSICAS ESTUDANTES	7
8. NORMAS XERAIS BÁSICAS DOCENTES	8
9. NORMAS XERAIS PARA O EQUIPO DE EVACUACIÓN	9
10. NORMAS XERAIS PARA AULAS DE CONFINAMENTO	10
11. NORMAS XERAIS PARA O PUNTO DE ENCONTRO	11
12. DIRECTORIO TELEFÓNICO	12



1. NORMAS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA O PROFESORADO:

- A evacuación iníciase cando o ordene o responsable de evacuación.
- Cada profesor debe contabilizar os estudantes dos que é responsable e asegurarse de que todos saen da aula en fila, en orde e en silencio cara ao punto de encontro.
- O itinerario de saída cara ao punto de encontro estará indicado na parede mediante carteis de evacuación.
- Debe asegurarse de que o aula e as fiestras quedan pechadas, sen chave.
- Ao chegar ao punto de encontro situará aos seus estudantes en fila e realizará o reconto de novo.
- Transmitirá a chegada do seu grupo ao responsable de evacuación que levará posto un chaleco identificativo de color laranxa.
- Os responsables de evacuación informarán ao Xefe de Emerxencia.
- O profesor de garda na biblioteca será o encargado de evacuala, así como o que se atope no ximnasio.
- O profesorado de garda no patio, levará aos estudantes que se encontraran xa nel ao punto de encontro, salvo un dos profesores que fará de "escoba" dos patios.

2. XEFE DE EMERXENCIA:

- Identificarase vestindo un chaleco de cor amarela.
- É o máximo responsable de xestionar a evacuación.
- É quen declara a emerxencia, ordena a evacuación e chama ás Axudas Externas, ás que informará da situación á súa chegada.
- Asegura o cumprimento eficaz das actuacións previstas no Plan de Evacuación.
- Garante a coordinación e a cooperación entre os integrantes dos Equipos de Urxencias e a axeitada toma de decisións.
- Decide o final da emerxencia e toma as medidas para posibilitar a volta á actividade normal sen risco de repetición do incidente.
- Informa o antes posible do acontecido ao Comité de Emerxencias.
- Ante a chegada das axudas externas ponse baixo as súas instrucións



Chaleco identificador do Xefe de Emerxencia

XEFE DE EMERXENCIA:

- O Director/a do Centro

SUPLENTES:

- Xefe/a de Estudos do Centro

- Secretario/a do Centro

3. EQUIPO DOCENTE (TODOS) – EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN (E.P.I.)

Son os responsables de:

- **Colaborar** para manter en bo estado os elementos de detección, alarma e control de incendios: vías de evacuación despexadas, portas de sectorización pechadas, etc. E se observan irregularidades, transmitilas aos responsables do centro.
- **Participar** nas actividades de formación, simulacros, etc.
- Realizar as **primeiras actuacións** para controlar ou eliminar a situación. (Intentar apagar o lume en primeira instancia)
- Se non se logra apagar o lume, **transmitir a ALERTA usando o PULSADOR DE ALARMA** e permanecer atentos e preparados para a evacuación.



Ideograma Pulsador de Alarma

- **Contar** os seus alumnos ao saír da clase.
- Unha vez transmitida a orde de EVACUACIÓN **coordinar a evacuación dos estudantes** da súa aula ata o **PUNTO de ENCONTRO**



Ideograma Punto de Encontro

- **Auxiliar ás persoas discapacitadas ou con dificultades.**
- **Comunicar a situación** ao Xefe de Emerxencia no PUNTO de ENCONTRO (falta algún estudante)
- **Prestar os primeiros auxilios** aos feridos ata a chegada de Axudas Externas.
- **Coñecer o edificio** e en concreto:
 - Os **riscos** posibles e as súas medidas fronte a eles.
 - As **vías de evacuación**, incluíndo as alternativas.
 - Os **medios de extinción** de primeira escala como os extintores.

4. EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN (DOCENTES “ESCOBA”) – (E.A.E.)

Son os responsables de:

- Colaborar co equipo de Primeira intervención no control normal do bo estado de conservación da detección, alarma e control de incendios, incidindo especialmente en todo o relativo á evacuación: sinalización, rutas, iluminación de emerxencia, etc. Calquera anomalía detectada deben comunicala ao Equipo de Primeira Intervención.



Chaleco identificador do E.A.E.

- Ao soar o sinal acústico de ALERTA deberán deixar aos seus alumnos, logo de contalos e comunicar as ausencias, **ao docente da clase contigua** para que este se encargue da súa evacuación.
- Despois, **disporanse a “varrer” as zonas asignadas segundo os planos para asegurarse de que non queda ningún.**

A asignación está indicada nos planos da seguinte forma:



E na súa ausencia:



- Deben **auxiliar ás persoas discapacitadas** ou con especiais dificultades.
- Unha vez comprobadas as zonas asignadas informaran o Xefe de Emerxencias da situación.
- Finalizado o desaloxo, coordinarán a agrupación dos evacuados e a elaboración das listas cos seus nomes.
- No caso de non poder evacuar, dirixirán á xente á **AULA DE CONFINAMENTO** designada nos planos.



Ideograma Aula de Confinamento

5. ASIGNACIÓN DE AULAS

ZONA		AULAS ASIGNADAS EQUIPO EVACUACIÓN	
		1ª PRIORIDADE	2ª PRIORIDADE
EDIFICIO 1	PLANTA BAIXA	Aula 1.3	Aula 1.2
	PLANTA ALTA	Aula 1.6	Aula 1.5
EDIFICIO 2	PLANTA BAIXA	Aula 2.4	Aula 2.3
	PLANTA ALTA	Aula 2.7	Aula 2.8
EDIFICIO 3	PLANTA BAIXA	Aula 3.1	Biblioteca
	PLANTA ALTA	Aula 3.5	Aula 3.4
EDIFICIO 4	PLANTA BAIXA	Secretaria	Conserxería
	PLANTA ALTA	Aula 4.1	Aula 4.5

ZONA		AULAS ASIGNADAS DE CONFINAMENTO
		AULA CONFINAMENTO
EDIFICIO 1	PLANTA BAIXA	Comedor
	PLANTA ALTA	Aula 1.6
EDIFICIO 2	PLANTA BAIXA	Aula Taller
	PLANTA ALTA	Aula de Idiomas
EDIFICIO 3	PLANTA BAIXA	Aula Usos Múltiples
	PLANTA ALTA	Aula 3.4
EDIFICIO 4	PLANTA BAIXA	Biblioteca
	PLANTA ALTA	Aula de Música

6. CONSERXES, DOCENTES LIBRES, PERSOAL COCIÑA

Son os responsables de:

- **Colaborar co equipo de Primeira intervención** no control normal do bo estado de conservación da detección, alarma e control de incendios, incidindo especialmente en todo o relativo á evacuación: sinalización, rutas, iluminación de emerxencia, etc. Calquera anomalía detectada deben comunicala á Dirección do Centro.
- Unha vez transmitida a orde de EVACUACIÓN, **proceder decontado á evacuación.**
- No caso de **fume considerable apagará as luces** do centro para que salten as luces de emerxencia.
- Auxiliar ás persoas discapacitadas ou con especiais dificultades.
- Finalizado o desaloxo, coordinar a agrupación dos evacuados.

	FUNCION
Docentes libres	Dirixirse ao punto de encontro, poderán orientar á xente polo exterior das instalacións.
Conserxe	Profesor "escoba" andar baixo (percorrido final). Ao soar o sinal acústico de ALERTA, abrirán de maneira permanente todas as portas exteriores das instalacións e acudirán o Centro de Control para colaborar con Xefe da Emerxencia. Se así o decide o Xefe de Emerxencia recibirán aos medios externos para indicarlles a zona concreta da emerxencia
Persoal Cociña Cafetería Ximnasio Persoal colaborador comedor	Profesor "escoba" na súa zona: Cociña, Ximnasio, Cafetería e Comedor e acudirán ao punto de reunión

7. NORMAS XERAIS BÁSICAS ESTUDANTES

Normas xerais básicas para todos os estudantes:

- Cando o profesor o indique, os alumnos deben saír da aula en fila, en orde e en silencio cara ao Punto de Encontro situado nas pistas deportivas exteriores do centro.
- O itinerario de saída cara ao Punto de Encontro está indicado na parede mediante os símbolos:



- MANTER a calma e enfila en evacuar a zona en fila, en orde e en silencio
- OBEDECER as instrucións dos profesores e dos xefes de emerxencia
- NON separarse do grupo durante a evacuación
- NON deixar ocios nas filas
- NON levar vultos ou similares
- NON correr
- NON empuxarse nin atropelarse
- NON se deter
- NON retroceder por algo ou alguén
- NON abandonar os puntos de reunión ata nova orde

8. NORMAS XERAIS BÁSICAS DOCENTES

Normas xerais básicas para todos os docentes:

- A evacuación iníciase cando o ordene o responsable de evacuación.
- Cada profesor debe contabilizar os alumnos dos que é responsable (pasando lista, como no inicio dunha clase) e asegurarse de que todos saen da aula en fila, en orde e en silencio cara ao Punto de Encontro situado nas pistas deportivas exteriores do centro.
- O itinerario de saída cara ao Punto de Encontro está indicado na parede mediante os carteis correspondentes.
- Asegurarse de que as fiestras da aula e a aula quedan pechadas, sen chave.
- Chegados ao Punto de Encontro, situar aos seus alumnos por grupos no sector indicado e realizar o reconto dos mesmos.
- Transmitir esta información ao responsable de evacuación do seu sector que levará posto un chaleco identificativo de cor laranxa como distintivo
- Estes, a súa vez, informarán o Director de Emerxencia
- O docente de garda na biblioteca será o encargado de evacuala, así como o que se encontra no ximnasio.
- No recreo, os docentes de garda colocaran aos rapaces no Punto de Encontro, salvo un que fará de profesor "escoba" dos distintos patios (cada titor libre axudarlle).

9. NORMAS XERAIS PARA O EQUIPO DE EVACUACIÓN

Nunha evacuación, os membros do equipo de alarma e evacuación terán os seguintes cometidos:

- Os responsables da Evacuación levarán o chaleco reflectante de cor laranxa, que se atopa na aula de 1ª prioridade, e actuarán segundo a orde indicada nos planos:



- Deixarán o seu alumnado ao cargo do docente da clase contigua (indicándolle o número)
- Poranse o chaleco reflectante para poder ser identificado polo resto
- Darán a alarma na súa zona ou sector
- Dirixirán o fluxo de evacuación cara ás saídas establecidas
- Axudarán aos ocupantes da súa zona
- Axudarán á evacuación das persoas discapacitadas
- Pecharán todas as portas e xanelas da súa zona
- Serán os últimos en abandonar o seu andar tras comprobar que as aulas e baños están baleiros.
- Son as únicas persoas que deben achegarse ao centro de control e informar, si é o caso, sobre:
 - Persoas con impedimentos físicos en aulas confinadas
 - Persoas atrapadas
 - Persoas feridas
- O Equipo de evacuación finaliza a súa tarefa cando acaba a evacuación e informa ao Director de Emerxencia das incidencias acontecidas durante a mesma.

10. NORMAS XERAIS PARA AULAS DE CONFINAMENTO


No caso de non ser posible a evacuación ao exterior, os estudantes serán confinados xunto cos seus docentes, nas aulas establecidas de confinamento en cada andar, dando os avisos pertinentes ao Director de Emerxencia, non podendo saír ata que o indique o mesmo ou os Equipos de Emerxencia exteriores.



Ideograma Aula de Confinamento

11. NORMAS XERAIS PARA O PUNTO DE ENCONTRO

Unha vez desaloxado o edificio, os alumnos concentraranse separadamente por filas ou grupos (cada fila-grupo, un aula) previamente designados na explanada, sempre baixo o control do docente responsable do aula, que comprobará a presenza de todos os estudantes do seu grupo



Ideograma Punto de Encontro



Imaxe da explanada do Punto de Encontro

12. DIRECTORIO TELEFÓNICO

AXUDAS EXTERNAS DE EMERXENCIAS	TELÉFONO
EMERXENCIAS XERAIS	112
CONCELLO DE CATOIRA	986 52 33 55
TAXIS	986 54 60 21
PARQUE BOMBEIROS	Parque De Bomberos PONTEVEDRA Paseo Domingo Fontán, S/N, Pontevedra 986 872 005
	Parque De Bomberos SANTIAGO Avenida Rodríguez de Viguri, 45, Santiago de Compostela 981 542 444
PROTECCIÓN CIVIL	PROTECCIÓN CIVIL TUI Avda. da Ponte, 70 – Corredoira (Catoira) 636 45 68 79
POLICÍA LOCAL	092 Comisaria de Policia de Vilagarcia de Arousa 986 56 53 84
GARDA CIVIL	062 Rua Irmans Insua, S/N, 15920 Rianxo 981 86 00 23
POLICÍA NACIONAL	091
HOSPITAL COMARCAL DO SALNÉS	Rua Do Hospital, 30, 36619 Vilagarcía 981 56 80 00
CRUZ VERMELLA	986 601 684
CENTRO DE SAUDE	Rúa do Concello, 31 986 54 62 99